



MERCORES, 01 – MARZO – 2017 **(Mércores de Cinza)**

VISITA GUIADA Ó ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Mércores, 1 de Marzo de 2017, ás 6 da tarde (Mércores de Cinza)

Os Amigos do Arqueolóxico temos concertada unha interesantísima visita a este histórico Arquivo, onde se garda boa parte da documentación histórica do país. Creado para custodiar a documentación da antiga Real Audiencia de Galicia, convertida máis tarde en Audiencia Territorial da Coruña, dende hai 51 anos ocupa o edificio deseñado polo coñecido arquitecto Antonio Tenreiro nos terreos anexos ó Xardín de San Carlos da Coruña.

Durante esta visita, que terá marcado carácter arqueolóxico, poderemos ver documentación sobre vellos espolios de mámoas, documentación de Angel del Castillo, e outra diversa que nos mostrarán expresamente ó noso grupo.

Presentarémonos na porta principal do edificio, baixo o arco de acceso ó xardín de San Carlos, ó final da rúa do mesmo nome, 10 minutos antes do comezo da visita. A duración aproximada é de unha hora e media.

Prazas limitadas a 25 persoas.

Para anotarse, hai que chamar a Carmen, ó telf. 649,981,862